



Primeira reunión de traballo das novas vogalías do CAIA

O sábado 20 de setembro celebrouse na EGAP de Santiago de Compostela a primeira reunión de traballo presencial das novas vogalías do Consello. Na primeira parte da sesión, compartiron aprendizaxes coas docentes da Fundación Pere Tarrés, quen as acompañaron nun proceso de investigación para identificar que espazos poden considerarse seguros para a infancia e a adolescencia. A continuación, desenvolveron diferentes dinámicas de cohesión grupal e, para pechar a xornada, recibiron unha formación en retórica da man da Asociación de Debate Universitario Retórica.



Comezan as actividades para conmemorar o Día dos Dereitos da Infancia

De cara ao Día dos Dereitos da Infancia e Adolescencia o CAIA esta convidado a participar en diferentes actos. O primeiro é na sede da Valedora onde, outro ano mais, teremos a oportunidade de reivindicar a importancia da participación social. E tamén, estaremos no acto do 20N que este ano se celebrará en Pontevedra.



Casi o 41 % dos procesos xudiciais por abuso sexual infantil en España esténdense máis de 3 anos

Un estudo de Save the Children revela que o 40,9 % dos casos xudiciais por abuso sexual a nenos en España prolonganse máis de tres anos, e o 12,1 % supera os cinco. Moitas vítimas teñen que declarar varias veces, o que agrava o trauma. A ONG reclama xustiza especializada e o uso xeneralizado da “proba preconstituída” para evitar repeticións innecesarias.



Galicia acada a taxa máis baixa de pobreza infantil do Estado

No 2024, o risco de pobreza ou exclusión social infantil en Galicia situouse no 16 %, o valor máis baixo de España, fronte á media estatal do 34,1 %. A baixada foi moi significativa nun só ano, e Galicia tamén lidera en menores de 18 anos con só 13,5 %. Os expertos alertan de que estes avances poden perderse se non se manteñen as políticas sociais clave.



«Para a infancia a paz é vivir sen medo»

No Día Internacional da Paz, UNICEF e Cidades Amigas de la Infancia propoñen que os nenos reflexionen sobre a paz como algo máis que a ausencia de guerra: un estado de seguridade, xustiza, liberdade e dereitos respectados. Actualmente, máis de 460 millóns de nenos viven en contornas violentas ou en conflito, e a guerra ten efectos devastadores sobre a saúde mental, a educación e o cumprimento dos seus dereitos.



“Non deberían existir nenos que teñan que elixir entre arriscar a vida por comer ou morrer de fame”

Rosalía Bollen, representante de UNICEF, tras regresar de Gaza denuncia que a situación infantil é catastrófica: os servizos médicos están colapsados, convértese vítimas mesmo bebés por falta de recursos, e centos de nenos malnutridos non reciben atención. Mesmo cando os camións con axuda están próximos, non se lles permite o acceso. Urxe que se abran os corredores humanitarios e se poña fin aos bombardeos para protexer a infancia.



O Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia convidado ao Encontro de Cidades Amigas da Infancia e Adolescencia

Os días 18 e 19 de outubro o CAIA está convidado a participar no Encontro que terá lugar na Residencia de Tempo Libre de Panxón. Onde se traballará sobre os dereitos dixitais e como deben ser protexidos para a infancia e adolescencia

Experiencias de aquí e de alá



“Publi con Coco”: menores piden regular a publicidade alimentaria pouco saudable

A Plataforma de Infancia lanzou a campaña #PubliConCoco para reclamar ao Goberno unha norma clara e obrigatoria que regule a publicidade de alimentos dirixida á infancia, xa que a maioría son produtos pouco saudables. Nenas, nenos e adolescentes de 4 a 17 anos propuxeron medidas como etiquetas máis transparentes, contido educativo nos colexios e sancións para quen incumpla. O obxectivo é protexer a saúde infantil fronte á obesidade, a diabetes e outros problemas asociados a unha mala alimentación.

O CNIAC únese ao Manifesto urgente por Gaza promovido por UNRWA



O CNIAC — o consello infantil e adolescente catalán — súmase ao manifesto conxunto de UNICEF, UNRWA, Save the Children, Médicos Sin Fronteras e outras entidades, denunciando o sufrimento extremo en Gaza. Na súa declaración, lembran que, en menos de dous anos, máis de 18.000 nenos e nenas perderon a vida e máis de 127.000 resultaron feridos con graves secuelas. Reclaman un alto o fogo inmediato, abrir corredores humanitarios sen condicións e que se protexa á infancia conforme ao Derecho Internacional Humanitario.

Testemuña en primeira persoa



*Eva Misu
Representante do EPIA
Concello de A Laracha*

Levo relativamente pouco tempo como membro do Consello Autonómico da Infancia e Adolescencia de Galicia, a verdade é que a experiencia está a superar tódalas miñas expectativas. Dende o comezo, sentínme super ben acollida, tanto polos compañeiros e compañeiras coma polas persoas adultas que nos acompañan e fan posible este espazo. É simplemente marabilloso ver como, mesmo se viñemos de sitios diferentes de Galicia, compartimos tantas inxedanzas e témos tantas cousas para contar.

Nestes tempos, conseguín facer novos amigos, descubrir realidades que difiren moito da miña e escoitar historias que me fixeron pensar e abrir a miña forma de ver as cousas. Pero, o máis importante de todo, apreciei moito o feito de sentir que a miña voz importa, que a miña opinión se escoita e é tomada en conta cando se trata de suxerir melloras para a infancia e adolescencia na nosa terra. Participar nas reunións non só resúltame interesante, senón que me da moita enerxía e faime sentir que realmente estamos a facer algo valioso, algo que pode facer un cambio real.

Paréceme moi gratificante ver como, pouco a pouco, imos logrando avances importantes.

Ver como as nosas ideas toman forma en accións ou son tomadas en conta por institucións importantes, dálle moito significado a todo o traballo. É realmente gratificante saber que, desde o noso lugar, axudamos a construír unha sociedade máis xusta e mellor para todos os adolescentes.

Sei que, é probable que xa non poida seguir no CAIA cando terminen estes dous anos de participación e, verdadeiramente síntoo, porque me gustaría seguir sendo parte disto por moito tempo. Aínda así, esta experiencia motivoume a seguir participando e xa estou a considerar outras formas de participación, como o voluntariado coa ONU ou ingresar a algún espazo internacional de representación xuvenil.

Só teño que agradecervos por darme a oportunidade de vivir algo así. Espero que a miña achega sexa útil e que, dalgunha maneira, axude a mellorar a vida da adolescencia galega. Sempre levarei esta experiencia comigo.